

MEMORIA

**DEPARTAMENTO DE
EDLG**

CPI ATIOS



CURSO 2022 - 2023

1. Introducción.....	2
1.1. Composición do Departamento.....	3
1.2. Marco Normativo.....	4
2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos	4
3. Accións realizadas	5
4. Modificacións da Programación Didáctica.....	13
5. Dificultades atopadas	13
6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso	13
7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento.....	14
8. Outros aspectos de interese	14
9. Principais conclusións.....	14

1. Introducción

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Ao tratarse dun CPI, integra nun mesmo espazo tres etapas educativas, o que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento deste proxecto con respecto ao ano escolar, cunha visión máis ampla cara á planificación lingüística do Centro.

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas é a seguinte:

- Educación Infantil: 70
- Educación Primaria: 265
- Educación Secundaria: 190

TOTAL: 525

Debido á dispersión xeográfica do Concello de Valdoviño, a meirande parte do noso alumnado ten que utilizar transporte para achegarse ao CPI.

O equipo docente está conformado por un total de 54 profesionais. O centro conta ademais con 6 persoas de persoal non docente: un conserxe, unha administrativa, catro traballadoras na cociña, e unha coidadora, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e actividades extraescolares.

O noso centro está integrado nun contorno sociolingüístico galego falante entre a xente maior, que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias do galego así como o uso de moito léxico.

Despois de analizar o Proxecto lingüístico do Centro constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá o que reverte na falla de mantemento xeracional na lingua galega.

Poderíamos dicir entón que estamos nun contorno galego falante entre as xeracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable cara o uso do galego aínda que dificultada cada vez máis pola presión social e pola falla de factores que favorezan a potenciación e a valoración da validez da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

Respecto ao noso CPI, debemos engadir que o galego está presente non só como lingua administrativa e na documentación oficial do centro, senón que é lingua de uso de parte do persoal docente nas comunicacións orais, nunha alta porcentaxe das comunicacións académicas, nas ferramentas administrativas, tecnoloxías da información e comunicación e ocupa un amplo espazo dos recursos de lectura e consulta na biblioteca. A presenza do galego no persoal non docente é similar ao da comunidade docente.

Partindo da nosa realidade lingüística, recollida no Proxecto Sociolingüístico do Centro, marcámonos un ano máis como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizalo en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén lúdico, formal e informal.

1.1. Composición do Departamento

Profesorado

Sara Delgado Porto (EI), Blanca Riveira Roca (EP), Genoveva Romero Crego (EP), Raquel Otero Carpenle (EP), Mónica Ares Ameijide (ESO), Luísa Pita Rubido (ESO), M^a Dolores Otero Mariñas (ESO), Zeltia Rodríguez Rodríguez (ESO).

Representante do ED

M^a José Ruán Serantes (Xefa de Estudos de Primaria)

Alumnado

1º ESO A

Mateo Bacorelle Veiga, Lenny Malik Aneiros Currás, David Barcia Pedre, Candela Agras Martínez, Graciela Estévez Somoano.

1º ESO B

Eloi Pastoriza Grandal, Manuel Lamas Díaz, Emma Santalla Ramos, Ainara Gotti López.

2º ESO A

Antía García Freire, Alexia Aneiros Currás, Axel Amo Rodríguez.

2º ESO B

Milagros Fernández García, Antía Martínez Graña, María Gerpe Amado.

2º ESO C

Andrea Penín Fojo, Alicia Pena Hermida, Laura Panceiras Padín, Paula Rodríguez Monje, Saray Sedes Alonso, Almudena Rodríguez Pego, Marta Sanmartín Veiga, Celia Prados Ponce.

3º ESO A

Daniel Blanco López, Laura Margarida Dias Rodrigues, Kevin Díaz Gutiérrez, Carla Díaz Mella.

3º ESO B

Loaira Barbeito Rojas, Xavi Bellón Rodríguez, Lucía Cadarso Castro, Miguel Graña del Solar.

4º ESO A

Carla Doce Caneiro, Ainara Lamas Ramos, Yasmín da Silva Lago, Sara Bouza Rodríguez, Silvia Sequeiro Fernández, Sofía Padín Ríos, Sara Bordello Fernández, María Fraga Fraga, Irene Rodríguez Martín, Irene López Bouza, Alba Iglesias Caro, Emma Carballo Fernández, Sara Fernández López, Natalia Díaz Castro.

4º ESO B

Iván Roca Gómez, Sergio Soto Álvarez, Simón Díaz Fernández, Iria López González, Candela López Pita, Paula Barcia Pedre, Erika Ramos Torrente, Iago Abella Beceiro, Ainara Aneiros Salgado, Noa Díaz Pita.

Persoal non docente: M^a Begoña López Fernández (Administración)

Xefatura de departamento: Vanessa Pita Santalla

1.2. Marco Normativo

Constitución Española, aprobada no ano 1978, artigo 3º.

Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no 1980, título primeiro, artigo 5º.

Lei de normalización lingüística (1983).

Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado o 22 de setembro de 2004.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos

Obxectivos xerais	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).	*		
Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.		*	
Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.		*	
Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns.		*	
Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC.		*	
Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.		*	
Deseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas		*	

tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do Centro.			
--	--	--	--

Obxectivos específicos	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Coñecer o tema que sexa proposto para o proxecto anual e traballalo dende a lingua galega.	*		
Garantir a presenza da lingua galega como medio de comunicación, nas materias de uso obrigado e no Plan Lector do Centro.	*		
Utilizar a lingua galega nas actividades extraescolares e complementarias que o centro organiza.	*		
Facilitar material en lingua galega para os distintos Departamentos.	*		
Realizar actividades que utilicen a lingua galega como ferramenta de comunicación e impliquen actuacións de carácter interdisciplinar.	*		
Facilitar, tanto ao profesorado como ao alumnado, o acceso ás Tic que fomenten o uso correcto da lingua e melloren así a súa valoración positiva.	*		
Pór a disposición da Comunidade Educativa as posibilidades que internet ofrece en recursos lingüísticos, culturais, educativos ...	*		
Fomentar actividades que impliquen a participación activa do profesorado, do alumnado e das familias.	*		
Continuar coa colaboración en materia sociolingüística co noso concello.	*		
Establecer relacións en materia sociolingüística con outras institucións relacionadas, dalgún xeito, co centro.	*		

3. Accións realizadas

Celebráronse as distintas efemérides ao longo do trimestre en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias e o Equipo da Biblioteca, así como con outros equipos de traballo e os Departamentos do centro.

As actividades estiveron baseadas no Proxecto de Dinamización da Lingua Galega: **50 aniversario do CPI de Atios**

Actividade Descrición detallada	Xustificación gráfica	Gasto
Envío circular familias Envío circular familias, informando e pedindo colaboración, a realizar ao <u>principio de curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización. Vanessa P. Santalla.	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Actualización das RRSS do EDLG Uso das redes sociais para comunicar novas de todo tipo ao alumnado e posibles usuarios, actualizado ao <u>longo do curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización. Vanessa P. Santalla	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Administración do apartado de EDLG na páxina web do centro Para seguimento de toda a comunidade escolar, e aquelas outras persoas que así o queiran facer, sendo un medio de comunicación de referencia. Actualizado asiduamente, ao <u>longo do curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización. Vanessa P. Santalla	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Taboleiro de Dinamización Mantemento dun taboleiro de Dinamización para alumnado e profesorado, onde se colgaron as distintas convocatorias, concursos, novidades da lingua... Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega. Luísa Pita, Vanessa P. Santalla.	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Revista anual Publicación do anuario do centro, recollendo as actividades que se fixeron ao longo do curso, relatos premiados en distintos certames, traballos de investigación... No <u>último trimestre</u> . Departamentos implicados: Dinamización, e todos en xeral. Vanessa P. Santalla	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Achegas á canle de Youtube “Atios TV” Subíronse as distintas producións audiovisuais que se foron realizando ao <u>longo do curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización e todos en xeral. Vanessa P. Santalla	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Bo día Atios! Reprodución de música galega á entrada, para que o alumnado coñeza a realidade musical actual, e vaian collendo gusto por ela. Ao longo de <u>todo o curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, Música. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Daniel Díaz Viqueira	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
Faladoiros Encontros con persoas de distintos ámbitos que utilizan o galego coma lingua habitual nas súas actividades e que teñan que ver, a poder ser, co tema escollido coma proxecto anual, neste caso, o <i>50 aniversario do CPI de Atios</i> . Ao <u>longo do curso</u> . Departamentos implicados: Dinamización e todos en xeral. Vanessa P. Santalla	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	300 €

<p>Venres gastronómicos Algúns venres de cada mes, farase un menú especial, relacionado con algún dos traballos realizados en relación ao tema anual, que neste curso é sobre o <i>50 aniversario do CPI de Atios</i>. Ao <u>longo do curso</u>. Departamentos implicados: Dinamización e todos en xeral, ademais do Equipo de Comedor. Vanessa P. Santalla, Victoria de los Ángeles Moreira Castro.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>500 €</p>
<p>Presentación dos produtos finais en torno ao Proxecto Anual: 50 aniversario do CPI de Atios Tódolos produtos obtidos do Proxecto Anual de centro, titulado este curso <i>50 aniversario do CPI de Atios</i>, serán realizados en lingua galega e poderán ser expostos en distintos espazos do centro. Ao <u>longo do curso</u>. Departamentos implicados: Dinamización e todos en xeral Vanessa P. Santalla e as persoas responsables de titorías e Dptos.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>300 €</p>
<p>Robótica Obradoiros para o alumnado de Primaria. Colaboraron o Dpto. de Tecnoloxía, as distintas titorías de Primaria ademais do EACE e o EDLG. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Reyes Montero Vale.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>1000 €</p>
<p>Club de Ciencia Para o alumnado de Primaria. Colaboraron o Dpto. de Tecnoloxía, as distintas titorías de Primaria ademais do EACE e o EDLG. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Reyes Montero Vale.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>500 €</p>
<p>Magosto e Samaín Celebración do magosto e o Samaín centrándose na tradición, onde lembramos refráns, lendas e contos de medo así como os xogos tradicionais da buxaina e das bólas. Na semana do San Martiño o profesorado de Educación Física recuperou con todo o alumnado o baile dos distintos tipos de peóns. A profesora de E. Musical de EI e EP repasou as cancións de outono, Magosto, Samaín e a da Buxaina Brincadeira. Competición de trompos e billarda. <u>Outubro – novembro</u>. Departamentos implicados: Dinamización e o resto de Departamentos. Colaboran especialmente: Equipo de Biblioteca, Educación Física, Lingua Galega, EACE, ANPA. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida, Carlos Bacelo López.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>50 €</p>
<p>Recitado de poesía en galego Carvalho Calero. Organizado polo CENLF Participación no recital de poesía en galego, tanto de autoría coñecida coma propia no auditorio de Carvalho Calero de Ferrol. Desta volta, participou alumnado de tódolos cursos en maior ou menor medida. <u>25 de outubro</u>. Colaboraron as titorías, o Dpto. de L. Galega e o EDLG.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>132 €</p>

<p>Mes da ciencia en Galego Realización de actividades de ciencia con material en galego, e centrándose nos referentes galegos do ámbito científico. Colaborando dende a biblioteca e dende o Departamento de Física e Química e o de Bioloxía. <u>Novembro</u> (mes da ciencia en galego). Departamentos implicados: Dinamización, Bioloxía, Física e Química, Equipo de Biblioteca, EACE, EDLG. Marina Pernas Marín, Irene Portas Peteiro, Mª Sonia Corral Almeida, Luísa Pita Rubido, Vanessa P. Santalla.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>50 €</p>
<p>25 novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero Realización de distintas actividades na hora de titoría, enfocadas á sensibilización contra a violencia de xénero, utilizando materiais coma a a exposición elaborada pola Deputación da Coruña. Levouse a cabo unha performance con alumnado de Secundaria. En <u>novembro</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Orientación, equipo de Titoras/es, Equipo EACE. Vanessa P. Santalla, Cristina Martínez Romero, Luísa Pita Rubido.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>30 €</p>
<p>Concertos didácticos Ben canda a celebración da Santa Icfía, ben ao longo do curso, celebración de concertos didácticos para os distintos niveis de ensino. Ao longo de <u>todo o curso</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, Música. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, profesorado Primaria e Secundaria de Música</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>200 €</p>
<p>10 decembro. Día internacional dos Dereitos Humanos Realización de exposición ou de comunicacións por parte do alumnado sobre o tema. <u>Decembro</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Xeografía e Historia, Relixión, Equipo de Biblioteca. Mª Sonia Corral Almeida, Luísa Pita Rubido, Vanessa P. Santalla.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>20 €</p>
<p>Concurso de postais de Nadal Elaboración de postais de temática de Nadal, en galego. <u>Decembro</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Plástica, Titorías. Alicia González Alonso, Vanessa P. Santalla.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>10 €</p>

<p>Festival de Nadal / Anovello Argallouse unha Festa de Nadal pola mañá para todo o centro e un baile de Anovello pola tarde para o alumnado de Secundaria, posto que cadrou en xoves e tiñan clase. Visita do Apalpador, Papá Noél e Reis Magos ás aulas de Infantil e Primaria: de novo o alumnado de 4º da ESO, prestouse a caracterizarse destes personaxes para visitar ao alumnado máis novo. <u>Decembro.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Música, Equipo de Biblioteca, Equipo EACE, Titorías. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Mª Sonia Corral Almeida, Carlos Bacelo López, Daniel Díaz Viqueira.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	50 €
<p>IX Certame Carmela Loureiro, en colaboración coa CENLF, organizado polo Concello de Ferrol É unha actividade destinada a tódolos niveis, no cal hai unha boa participación, e sempre se acada algún premio nalgunha das dúas categorías nas que podemos participar: micropoesía ou microrrelatos. De feito, varios alumnos e alumnas resultaron premiadas este curso. <u>Xaneiro.</u> Departamentos implicados: Dinamización, L. Galega, EACE, Titorías. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	10 €
<p>30 xaneiro. Día escolar da Non Violencia e a Paz Elaboración de material para traballar nas titorías, sobre o día en cuestión. Gravación dun vídeo con actividades realizadas en torno ao día. <u>30 de xaneiro</u> Departamentos implicados: Dinamización, EACE, Equipo de Titoras/es. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Mª Sonia Corral Almeida.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	10 €
<p>Día da muller e a nena na Ciencia Traballouse para concienciar ao alumnado da necesidade de facer visible o traballo feminino no ámbito científico - tecnolóxico. Distintas actividades relacionadas co tema, dende Infantil ata Secundaria, adaptando os tempos e os materiais ás necesidades de cada curso ou nivel. Colaborou deste xeito, todo o centro, a través das titorías e dos distintos Dptos., ademais do EACE e EDLG. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Mª Sonia Corral Almeida, Irene Portas Peteiro, Marina Pernas Marín.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	50 €
<p>2 – 14 febreiro. Postais pola Candeloria, Día do amor e da amizade Escrita de cartas de amor e amizade, para repartilas despois entre as persoas destinatarias. Traballo en titorías sobre a desmitificación do amor romántico, e os estereotipos de xénero. <u>Febreiro.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Orientación, EACE, Equipo de Biblioteca, Equipo de Titoras/es. Vanessa P. Santalla, Cristina Martínez Romero, Mª Sonia Corral Almeida, Luísa Pita Rubido.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	50 €

<p>23 febreiro. Día de Rosalía Actividades para conmemorar o día do nacemento da nosa escritora máis universal. Asistencia a unha obra de teatro relacionada coa homenaxeada na Casa da Cultura. Actividade realizada en <u>febreiro</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, EACE, Equipo de Biblioteca, Equipo de Titoras/es. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>20 €</p>
<p>Entroido Xirando este curso en torno ao proxecto anual <i>50 Aniversario do CPI de Atios</i>. Ademais de cumprir cos Mandados do Meco. Actividade realizada en <u>febreiro</u>. Departamentos implicados: Dinamización, EACE, resto de Departamentos, ANPA. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>500 €</p>
<p>8 marzo. Día Internacional da Muller Realizáronse distintas actividades propostas dende Dinamización. Departamentos implicados: Dinamización, EACE, resto de Departamentos, Orientación Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida, Cristina Martínez Romero.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>0 €</p>
<p>21 marzo. Día da poesía Lecturas e intercambios de poemas, tanto nas aulas coma na Biblioteca do centro. Esta actividade, realizouse en <u>marzo</u>. Departamentos implicados: Dinamización, EACE, resto de Departamentos. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>0 €</p>
<p>Viaxe ao 1900 Saída ao Museo Etnográfico da Capela para poder apreciar a vida no pasado. <u>11 de maio</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Educación Física, EACE. Carlos Baceo López, Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>350 €</p>
<p>XXIII Certame artístico <i>Poesía e imaxe: en galego sen filtro</i>, organizado polo CENLF, en colaboración co Concello de Ferrol Organizado polo CENLF, do cal somos socias. Concurso destinado a xuntar poemas en distintas linguas coa súa correspondente representación en distintas disciplinas artísticas. Alumnado de tódolos niveis, resultou premiado un curso máis. Todo centro, a través das titorías e dos distintos Dptos., con especial colaboración do Dpto. de Plástica, ademais do EACE e EDLG. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Alicia González Alonso.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>20 €</p>

<p>7 abril. Día da saúde Obradoiro de xogo tradicional. Para fomentar a vida activa, e uns recreos nos que exista algo máis ca o fútbol, procedeuse á realización dun obradoiro de xogos tradicionais variados nos que o alumnado participou activamente, incorporando, algún que coñecía e tiñan practicado, e fomentouse a práctica habitual deles, creando un espazo propio, dentro da área de lecer. <u>Abril.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Educación Física, EACE. Carlos Baceo López, Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	200 €
<p>19 – 22 abril. Celebración do día do libro Asistencia dunha escritora ou escritor da zona para contarnos cousas sobre a súa obra, e neste curso, sobre como foi o seu paso polo centro. Rosa Aneiros foi a escritora convidada nesta ocasión de celebración dos <i>50 anos do Atios</i>. Actividade realizada en <u>abril</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Equipo de Biblioteca, Lingua Galega. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, M^a Sonia Corral Almeida.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	250 €
<p>Celebración dos Maios. A celebración do Beltain. Realizáronse uns mini-maios por aula, e retomouse a actividade ao completo coma cursos pasados, con Maios grandes e alfombra floral completa. Esta actividade, realizouse en <u>maio</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Educación Física, EACE, Inglés, Tecnoloxía, Equipo de titoras/es. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Alicia González Alonso, Reyes Montero Vale, Alejandro Cadarso Vázquez...</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	50 €
<p>Día das Letras Galegas Exposición sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas. Elaboración de trípticos sobre o autor e as súas obras, a celebración en si mesma... <u>Maio.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, Equipo de Titorías... Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Alicia González Alonso, M^a Sonia Corral Almeida...</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	0 €
<p>Mural das Letras Galegas Relacionado coas Letras Galegas ou os Maios. <u>Maio.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, Equipo de Titorías... Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Alicia González Alonso, M^a Sonia Corral Almeida...</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	20 €

<p>Concurso – Festival “A mocidade coa lingua”, organizado polo CENLF Os centros participantes, teñen a ocasión de gravar dúas cancións, sendo unha enteiramente orixinal e a outra coa letra dunha obra poética. Resultante das gravacións, saíu un disco con tódolos grupos dos centros participantes. Colaborou especialmente o Dpto. de Lingua Galega, o EACE e o EDLG. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>200 €</p>
<p>Teatro con G, organizado polo CENLF Neste curso xa houbo modalidade de teatro afeccionado, actuando os grupos de 6º de Primaria e asistindo coma público os de 5º. <u>Principio de xuño.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, Equipo de Tutorías... Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Alicia González Alonso, Mª Sonia Corral Almeida.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>328 €</p>
<p>5 xuño. Día do Medio Ambiente Charla a cargo dalgunha asociación ecoloxista, protectora animais ou profesionais que traballen arredor do medio, coma algunha das instalacións que hai na contorna. Opción de organizar algunha saída en colaboración co Dpto. de EF, na que se xunte a parte cultural coa física. <u>Xuño.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Bioloxía, EACE, EF. Carlos Bacelo López, Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Irene Portas Peteiro.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>50 €</p>
<p>21 xuño. Día da música Concerto fin de curso bandas e grupos locais, en galego. Intentouse contratar a grupos de distintos estilos, para que puideran gozar da música en galego, e completar a actividade que se puxo en marcha ao longo do curso titulada “Bo día Atios!” Esta actividade, realizouse na festa de fin de curso, en <u>xuño</u>. Departamentos implicados: Dinamización, Música, Lingua Galega. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Daniel Díaz Viqueira.</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>500 €</p>
<p>Mes da diversidade Charlas sobre Diversidade afectivo – sexual, levadas a cabo por unha Educadora social do Concello de Valdoviño. Foi unha actividade enfocada a alumnado de Secundaria, e colaboraron deste xeito, as titorías, ademais do EACE e EDLG, e sobre todo do Dpto. de Orientación. <u>Xuño.</u> Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Mª Sonia Corral Almeida, Cristina Martínez Romero</p>	<p>Páxina web do centro. Apartado de EDLG</p>	<p>300 €</p>

<p>Intercambio de falas Contacto con centros dalgunha outra parte de Galicia, onde predominaba o uso do galego para poder manter unha relación epistolar entre o alumnado en diversas modalidades (correo ordinario, electrónico, vídeo-chamadas...), para poder practicar a lingua galega. Neste curso, comezamos o contacto co CPI Virxe do Monte de Cospeito, onde a súa primeira lingua é o galego. Foi unha actividade cun éxito rotundo! <u>Xuño.</u> Departamentos implicados: Dinamización, Xeografía e Historia, EACE, Lingua Galega, EF. Vanessa P. Santalla, Luísa Pita Rubido, Carlos Bacelo López.</p>	Páxina web do centro. Apartado de EDLG	225 €
---	---	-------

4. Modificacións da Programación Didáctica

Foron poucos os cambios realizados con respecto á programación inicial.

Os obxectivos, intentaron levarse a cabo todos, cada un deles, cun maior ou menor grao de consecución, pero todos se puxeron en marcha.

Con respecto ás actividades, leváronse a cabo unha maior parte delas.

5. Dificultades atopadas

As dificultades atopadas ao longo deste curso debéronse ás veces, á falta de colaboración de alumnado e incluso profesorado.

6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso

As actuacións de mellora para vindeiros proxectos, deben enfocarse, sobre todo ao alumnado.

Curso tras curso, podemos observar, como hai unha especial aversión pola lingua no seu entorno, que vén aprendida das familias, e ás veces, reforzada dende distintos ámbitos.

Polo tanto, é recomendable reforzar o uso habitual da lingua entre o alumnado, e intentarase que a vexan coma unha lingua real, que se pode utilizar tódolos días, e non coma unha lingua académica, relegada unicamente ao uso escolar, e moitas veces de maneira forzosa.

Tratarase de traballar máis dende as familias, e procurarase buscar unha maior implicación dende as entidades locais, para poder implicar activamente, non só ao alumnado, se non tamén ao seu entorno.

7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento

Propostas de mellora	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Diversidade de actividades para cada nivel.	*		
Traballar máis dende as familias			*
Implicación dende as entidades locais		*	

8. Outros aspectos de interese

O vindeiro curso gustaríanos poder seguir adiante co intercambio co CPI Virxe do Monte de Cospeito, ou algún lugar similar.

A contía que nos foi concedida polo Proxecto de fomento de uso do galego, foi de 529 € sobre 1000 €, cunha valoración das máis altas da provincia.

9. Principais conclusións

Estamos bastante satisfeitas co traballo realizado ao longo do ano e traballaremos para que continúe mellorando no vindeiro curso.